



## CONCELLO DE TORDOIA.- (A Coruña)

Pontepedra-Cabaleiros 15683 (TORDOIA-A Coruña) C.I.F. P-1508500-D Teléfonos: 981.69.00.01 - FAX.: 981.69.00.05

### BANDO

Don **EDUARDO ANTONIO PEREIRO LIÑARES**, alcalde  
do Concello de **TORDOIA (A Coruña)**

### FAI SABER


No cumprimento da Lei 3/2007 de prevención de incendios, se vostede é titular/propietario de parcelas ou terreos situados en solo urbano, urbanizable e núcleo rural, ten a obriga de mantelas nun adecuado estado de limpeza e coa masa vexetal desbrozada antes do 31 de maio de cada ano.

Recordarlle que se teñen alguna parcela dentro dunha franxa perimetral de 50 metros ao solo urbano, urbanizable delimitado e de núcleo rural, así como ao redor de edificacións, vivendas illadas e urbanizacións, depósitos de lixo, parques e instalación industriais, situadas a menos de 400 metros do monte deberán estar limpas (artigo 21 da Lei 3/2007).

Ademais, no interior do núcleo de poboación e na totalidade da franxa de protección de 50 metros dende a liña que delimita urbanísticamente os núcleos, non poderá haber as especies sinaladas na disposición adicional terceira da presente lei como son: Piñeiros, eucaliptos, acacias, toxos, fentos, mimosas, xestas, carqueixa, piorno, carrasca (queiruga), silvas.

No caso de incumprir o disposto anteriormente, o Concello, de oficio ou por solicitude de interesado, enviará á persoa responsable unha comunicación na que se lle lembrará a súa obriga de xestión e limpeza da biomasa vexetal e arbórea e para facelo se lle concederá un prazo máximo de 15 días naturais, ou de tres meses no caso de franxas laterais das vías de comunicación.

**Máis información nas Leis 3/2007, 43/2012, 7/2012, de prevención de incendios forestais e de montes de Galicia.**



Tordoia, 31 de maio de 2021  
O Alcalde  
Eduardo Antonio Pereiro Liñares